

SESIÓN ORDINARIA DE 24 DE FEBREIRO DE 2.012

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 24 de febreiro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia da Secretaria accidental, Dona Aurora Blanco Candal, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D. Serafín Vázquez Arias, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2011

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 26 de decembro de 2011, cuxa copia adxuntouse coa convocatoria.

Sométese a votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 128

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: ROBRA

Lindeiros: Norte Norte con María Ángeles Gómez Illán e monte comunal de Robra; ao Sur con Luz María Prado Illán, ao Este coa finca matriz e ao Oeste con estrada, monte comunal de Robra, José Gómez Teijeiro, Consuelo Illán Carreira, Manuel Neira Neira e María Carmen Obarrio Prado.

SUPERFICIE: 68,20 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 11 de novembro de 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11154, Tomo 1153, Libro 101, folio 82..

PORCIÓN VIAL Nº 131

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN SILVARREI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: SILVARREI. *Cortiña, leiro e monte de arriba*. Procedente da segregación da finca resultante da agrupación das parcelas 180, 181 e 182 do polígono 80.

Descrición: franxa paralela ao camiño polo que linda ao sur; Norte, finca matriz; Sur e Este, camiño público; e Oeste, de Purificación Rodríguez Penas.

SUPERFICIE: 206,1 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, formalizada en escritura notarial de data 6 de abril de 2011, polo notario de Lugo don José Manuel López Cedrón, con número de protocolo 1210.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: tomo 1153, libro 101, folio 143, finca 11187.

PORCIÓN VIAL N° 132

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN SILVARREI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: SILVARREI. *Cortiña, leiro e monte de arriba*. Procedente da segregación da finca resultante da agrupación das parcelas 180, 181 e 182 do polígono 80.

Descripción: Norte e Este, camiño público; Sur, finca matriz de donde procede y Oeste, termina en punta.

SUPERFICIE: 95,6 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, formalizada en escritura notarial de data 6 de abril de 2011, polo notario de Lugo don José Manuel López Cedrón, con número de protocolo 1210.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: tomo 1153, libro 101, folio 142, finca 11186.

PORCIÓN VIAL N° 133

SOBRADA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PIÑEIRO – SOBRADA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: PIÑEIRO

Procedente da segregación da finca matriz Finca 10.644, Folio 50, Tomo 1.129, Libro 94. Lindeiros: Norte con finca matriz, ao Noroeste, coa parcela 135 Amandina Peña Mouriz; Sureste, coa parcela 155 de Jesús Elías Meilan Carballido e Sureste coa estrada de Outeiro de Rei a Castro de Riberas de Lea.

SUPERFICIE: 53,05 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 28 de xaneiro de 2012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámites de inscrición.

PORCIÓN VIAL Nº 134

CANDAI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CANDAI DE BAIXO – CANDAI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CANDAI

Núcleo/lugar: CANDAI DE BAIXO

Lindeiros: Norte coa finca matriz, Sur, terreo nº 29 de Purificación Vilanova Roibás; Este, terreo nº 194 de José María Varela Redondo e camiño; e Oeste, terreo nº 29 de Purificación Vilanova Roibás.

SUPERFICIE: 101,03 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 23 de decembro 2011.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Non consta.

PORCIÓN VIAL Nº 135

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MACEDA - MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MACEDA

Lindeiros: Norte, coa finca matriz; Sur, Rosendo Cobas Fernández; Este, Rosendo Cobas Fernadéz; e Oeste, Duplo Lugo S.L e camiño.

SUPERFICIE: 188,51m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 27 de xaneiro de 2012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade da Finca matriz: 11041, Folio 16, Tomo 1150, Libro 100.

Non xurdindo debate sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3. DESAFECTACIÓN E SIMULTÁNEA AFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO EN BONXE

Iníciase o debate coa exposición e defensa polo sr. Alcalde da seguinte proposta de resolución:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Con data de 5 de decembro de 2011, dona Josefa Hortas Román, en calidade de titular dominical das parcelas 334, 335, 338 e 340 do polígono 94, solicita licencia de regularización das parcelas da súa titularidade co gallo de que os seus lindes se axeiten ao cambio de trazado do camiño público número 9001 do polígono 95 no tramo que discorre entre a parcela 25 do polígono 95 e as parcelas 334, 335 e 338 do polígono 94.

Compróbase o efectivo cambio de trazado do camiño, que agora discorre fragmentando as parcelas citadas.

Compróbase a tramitación do expediente de desafectación, así como o remate do período de información pública sen presentarse alegación ou suxerencia algunha.

Polo tanto, procede recoñecer a alteración da calificación xurídica do novo e vello trazado así como a mutación real da propiedade.

E, consecuentemente, propoño:

- Aprobar o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo do camiño 9001 do polígono 95 que discorre entre a parcela 25 e as parcelas 334, 335 e 338 do polígono 94, de xeito tal que se desafecta o tramo descrito e se afecta, simultaneamente, unha porción de igual anchura e que atravesa as parcelas citadas até a metade da lonxitude da parcela 334 no seu linde co camiño público 9002 do polígono 95, desembocando no citado camiño”.

Tras unhas breves intervencións dos voceiros dos grupos municipais relativas á tramitación do expediente, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

4. MOCIÓN DO BNG con número de rexistro de entrada 634, 635 e 636.

Iníciase a defensa da moción presentada polo grupo municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 20 de febreiro de 2012 e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN PARA DECLARAR 024 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente

no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo gaiego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

2. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.

3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Outeiro de Rei 20 de Febreiro de 2012.”

Trala defensa da moción polo voceiro do BNG, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, anuncia o apoio á moción, recordando que a mesma é semellante á presentada por outros grupos a nivel galego e que a importancia da obra e pensamento de Rosalía de Castro o xustifica.

Pola súa banda, o voceiro do grupo municipal do PP, afirma que, se ben coincide na importancia dun persoeiro tan ilustre coma Rosalía de Castro e na conveniencia de realizar actos culturais de divulgación da súa obra, non comparte a proposta de que o Concello lle adique un día, xa que Rosalía de Castro non tiña vinculación con Outeiro de Rei e, polo tanto, se atopa en situación de igualdade con outros escritores e persoeiros igualmente relevantes aos que non se lles adica un día, polo que se lles estaría a tratar inxustamente.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada por oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

Iníciase a defensa da moción presentada polo grupo municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 20 de febreiro de 2012 e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da iexistación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN DE REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno central ven de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 31/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenés máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.

Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.

Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacions de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.

Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.

Crea un contrato indefinido específico, denominado "de apoio aos emprendedores", mais aplicábel ao 99 por 100 da empresas en Galiza, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.

Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir -con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecerían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 312012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:
2. Proceder á derogación de dita norma.
3. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.
4. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza.

Outeiro de Rei 20 de Febreiro de 2012.”

Trala defensa da moción polo voceiro do BNG, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE afirma que a reforma laboral presentada polo Goberno non lles colleu de sorpresa, xa que cando un candidato se nega a desvelar o contido na campaña electoral xa se lle vé vir.

Por outra banda, é unha reforma laboral que perxudica claramente á clase máis baixa, aos traballadores, en beneficio dos empresarios, estabrecendo un despido rápido e barato, deixando practicamente indefensos aos traballadores, que destrúe o dereito á negociación colectiva, que trae peores condicións de traballo para a xente nova e que implica unha considerable perda de dereitos labores para o conxunto dos traballadores.

Polo tanto, manifesta o seu rexeitamento o a esta reforma laboral imposta polo Goberno.

O voceiro do grupo municipal do PP, afirma que esta reforma laboral non é a que máis gusta ao Partido Popular, pero que a situación de extrema gravidade na que nos atopamos non deixa outra solución.

É certo que hai traballadores en precario: os case seis millóns de desempregados que deixou a herdanza socialista.

E por suposto que hai que apoiar aos emprendedores, porque é necesario crear emprego e porque non se pode obrigar a ningún a poñer en marcha unha empresa ou a contratar. O que hai que facer é apoialos e incentivalos a crear emprego.

Esta reforma permite dar flexibilidade ás empresas para adaptarse as circunstancias económicas e continuar coa súa actividade destruindo o menos posible o emprego. Porque cando cae a actividade dunha empresa, cando caen os ingresos, se non adapta a plantilla a nova situación (porque o despido é moi caro e non pode facer fronte), seguirá ata ter que pechar. E entón terán que ir todos á rúa cando, de outro xeito, van baixando temporalmente o salario, ben despedindo a un menor número de traballadores, podería continuar coa actividade ata mellores tempos.

E por riba desto, atopámonos cunha situación na que as empresas se atopan asfixiadas porque as propias Administracións lles deben unha gran cantidade de cartos.

Precisamente por esta situación de extrema gravidade polo que hai que tomar decisións drásticas: no mercado de traballo, no mercado financeiro, de apoio á empresa... etc.

Nunha situación coma esta débese demostrar responsabilidade e débese asumir unha porción de sacrificio individual, para poder acadar unha situación normal de estabilidade.

Claro que o mellor sería reforzar dereitos dos traballadores, e incluso prolongar máis aló a duración actual a percepción por desemprego, pero nas circunstancias actuais non se pode. Non hai cartos e as empresas tampouco poden aguantar na actual crise unha lexislación laboral propia do franquismo.

Polo que atinxe á negociación colectiva, é necesario darse conta que non é o mesmo un pequeno taller mecánico que a SEAT ou FORD. Os convenios colectivos non poden ser os mesmos porque as condicións de un pequeno taller e dunha multinacional tampouco son as mesmas.

Esto é de sentido común, non de políticas de dereitas ou esquerdas. Porque os que se din de esquerdas cando gobernaron non fixeron nada, por exemplo, para atallar os desahucios da xente con menos recursos ou limitar os soldos dos banqueiros das entidades intervidas, que seguían a gañar millóns de euros pese o resultado da súa xestión, coma si fixo este Goberno.

Este Goberno, para saír dunha situación crítica coma a que deixou o PSOE nestes sete últimos anos, non dubidará en facer todo o que sexa necesario, aínda que se desgaste politicamente, porque a responsabilidade e compromiso do Goberno do Partido Popular é facer o que hai que facer para levantar o país, e iso esixe adoptar medidas difíciles coma a reforma laboral. Pero estas medidas, na situación actual, son necesarias para crear as bases da prosperidade futura, e por iso deben adoptarse.

Por iso anuncia o rexeitamento da moción, xa que se ben non lles encanta a reforma laboral, é imprescindible nas circunstancias actuais.

O voceiro do grupo municipal do BNG, afirma que esta reforma non creará emprego, tal e como di o propio Goberno, e insiste en que prevé algúns poderes para o empresario que van máis aló do normal, coma o despido con 20 días de salario por caída de vendas, aínda que haxa beneficios, ou a baixada dos salarios por razóns de competitividade.

Por iso conclúe que a reforma castiga aos traballadores, e non a quen creou a crise. E isto é unha constante dos Gobernos de España, que premiou por abandonar a actividade para que se produza noutros países, ou que mirou para outro lado cando os especuladores inflaban desmesuradamente o prezo da vivenda a custa de endebedar sen precedentes ás familias e traballadores para poder acceder a unha vivenda.

E pregúntase qué é o que fai o Goberno cando o BCE está a prestar cartos a intereses baixísimos as entidades financeiras para que estas merquen débeda pública ao 6 ou 7% de tipo de xuro.

Estes son, asegura o voceiro do BNG, os culpables da crise e contra eles non se fai nada. Soamente pagan os traballadores.

O voceiro do grupo municipal do PP recorda que os últimos sete anos gobernou o PSOE co apoio do BNG, polo que agora non pode desentenderse do resultado da súa xestión.

E non pode agora sorprenderse da situación das entidades financeiras, xa que a situación actual débese ás medidas adoptadas polo Goberno de esquerdas ao que o BNG apoiou, e infórmalle que o actual Goberno do PP, en sete semanas, fixo máis que o anterior Goberno en sete anos. E pon coma exemplo as recentes medidas de protección das familias contra os deshaucios.

Os resultados da xestión de uns e outros están á vista. Tras un Goberno do Partido Popular de oito anos que permitiu saír a España dunha crise profunda e crecer con forza, entrou a Gobernar o PSOE co apoio do BNG, que deixou a España outra vez nunha crise sen precedentes. Estes son os resultados de xestión e as correspondentes responsabilidades.

Tras estes sete anos de goberno de esquerdas os resultados son 800.000 millóns de euros de débeda, o 23% de desemprego (case seis millóns de desempregados) e o incumprimento dos compromisos de control de déficit (desviación de dous puntos).

E a reacción foi adoptar medidas fiscais tan pouco progresivas coma a subida do IVE, igual para todos sen teren en conta a renda.

E claro que os culpables desta crise non o están pagando. En eso dalle a razón ao representante do BNG. Dende o Goberno do Estado fixéronse verdadeiras aberracións económicas e quen o están a pagar son os españois, e non os señores do Goberno e os seus socios.

E non vale dicir que a crise é internacional (que a é), porque outros países en dificultades coma Italia teñen un 7% de desemprego, por non falar de Alemaña, que está a bater os seus propios records de traballadores.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, afirma que a crise ten o seu orixe na Lei do Solo e Valoracións que aprobou o PP no ano 1998, que iniciou unha burbulla de especulación que orixinou que todos os esforzos inversores foran a parar á especulación en ladrillo, deixando de lado outros sectores productivos que poderían crear un emprego máis sustentable. Esta lexislación foi derogada polo PSOE no ano 2008.

Polo que se refire as afirmacións do voceiro do PP de que a Lei respecta os dereitos consolidados, sinala que o feito de que unha empresa que ten beneficios, polo feito de diminuír ingresos poida botar incluso a un tercio da plantilla, e iso sen deixar de ter ingresos en ningún momento, non é respectar dereitos consolidados.

Tamén critica que as persoas novas poida votarllas á rúa logo dun ano de traballo sen indemnización algunha. Medida moi criticable ao igual que moitas outras medidas que contempla esta reforma laboral.

Afirma que o voceiro do PP non pode acusar ao PSOE de falla de progresividade por mor da subida do IVE, xa que o Goberno autonómico subiu as valoracións dos inmobles para o imposto de patrimonio por igual para todos, sen ter en conta a renda dos seus titulares.

Por último, pregunta ao voceiro do PP qué medidas adoptou o Concello de Outeiro de Rei para tentar atallar esta crise, xa que se é unha Administración algunha tomaría.

O voceiro do Grupo municipal do PP, afirma que o valor do terreo será o valor que ten, con independencia do que teña o seu propietario. Outra cousa será o que debe pagar quen ten máis ou quen ten menos. É de sentido común.

E o Goberno do PP, cando foi indispensable subir os impostos, non sube os impostos indirectos, coma o IVE, senón os directos, en directa relación coa capacidade adquisitiva dos contribuintes. Eso é progresividade.

O concello de Outeiro de Rei leva moito tempo tomando medidas e o resultado é que é uns dos concellos con menor índice de desemprego. E recorda que os concellos, e aínda as Administracións autonómicas, teñen pouco marxe de actuación para afrontar unha crise, xa que case todas as competencias neste eido recaen sobre o Goberno Central: mercado laboral, sistema financeiro... etc.

O voceiro do PP fai alusión á Lei do Solo de 1998, que non derrogaron ata o ano 2007, pero esquecen que o Goberno do PP aprobara unha Lei de Educación que o PSOE derogou tan pronto chegou ao Goberno. Se o orixe de tódolos males está na Lei de 1998, non se entende porqué tardou tanto tempo en derrogala. Porque si o PSOE entendía que a Lei do Solo de 1998 estaba mal, e non a derogou senón cando “foi demasiado tarde” (coma di o voceiro do PSOE) entón é que o Goberno do PSOE foi un exercicio de ineptitude.

O voceiro do grupo municipal do PP remata expresando o seu convencemento de que o actual Goberno fará que España saia da crise, para o que se require o esforzo de tódolos españois, xa que, como di o voceiro do BNG, as crises as pagan quen non as provocaron.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada por oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

Iníciase a defensa da moción presentada polo grupo municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 20 de febreiro de 2012 e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concedo de Outeiro de Rei, ao abeiro de lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN DE APOLO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos-un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatible co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na ña histórica marcada pola Lei 141/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (prívate finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencia! e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutive en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

SEGUNDO- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO- Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuito e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza

Outeiro de Rei, a 20 de febreiro de 2012”

Trala defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do BNG, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen respalda o contido da iniciativa da plataforma SOS Sanidade Pública e, polo tanto, anuncia o respaldo a moción.

O voceiro do grupo municipal do BNG insiste en que se están a desviar fondos do sistema sanitario público ao sistema sanitario privado, como se poder ver de xeito evidente en Vigo, onde está a florecer o negocio da sanidade, e que debe apostarse por un sistema sanitario público en tanto outorga maiores garantías aos pacientes.

O voceiro do PSdG-PSOE, conta unha anédocta segundo a cal un compañeiro seu acudiu ao HULA á unha da mañá cun dolor no peito. No HULA dixéronlle que non o podían atender xa que non había cardiólogo de garda. Ese home esperou ata as 12:00 da mañá sen poder ser atendido. Esa é a situación da sanidade pública en Galicia. Non hai cartos para un cardiólogo e si os hai para a Cidade da Cultura.

O voceiro do PP non se cree a anédocta do voceiro do PSOE, e afirma que unha cousa é que non haxa cardiólogo e outra é que o médico de urxencias, tras analizar ao paciente, concluíra que non ten un infarto en contra da opinión do compañeiro do sr. Varela.

E non se pode facer alusións a Cidade da Cultura cando o Goberno do PSOE e BNG estivo a invertir na Cidade da Cultura toda a súa lexislatura, e non foi senón foi o actual Goberno do PP quen paralizou as inversións.

Recalca que en calquer nación desenvolvida o sector sanitario é un sector económico que fai negocio, ao igual que as escolas privadas e as concertadas. E o desexable é que haxa un sistema sanitario público e gratuito – se é posible- e outro privado.

O que sucede é que un sistema sanitario custa moitos cartos e precisa dunha administración eficiente. E o anterior Goberno do PSOE deixou as arcas públicas baleiras e agora vemos cómo Cataluña -por poñer un exemplo dunha comunidade non gobernada polo PP- ten que pechar hospitais.

Pois este Goberno, o do sr. Feijoo, non solo garante a sanidade pública, senón que segue a crear hospitais modernos que se atopan entre os mellores de España, o que non reñe coa necesidade de optimizar o servizo, axustando gastos ao máximo posible e eliminando ineficiencias.

O que non pode ser é unha sanidade pública definida polo despilfarro, coma a que asentou o Goberno socialista, ou unha Lei de dependencia na que o Goberno carga co financiamento do 50% ás Comunidades Autónomas e, por riba, incumpre o seu compromiso de financiamento do 50% restante.

O resultado é un tremendo déficit das Comunidades Autónomas no financiamento da sanidade pública, causa pola que están a pechar hospitais e pola que haxa farmacias a punto de dar en suspensión de pagos pola imposibilidade de algunhas Comunidades Autónomas de facer fronte ao pago das menciñas.

Polo tanto, e precisamente para garantir os servicios básicos, hai que adoptar medidas de racionalización do gasto.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada por oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

A continuación, a instancias do sr. Alcalde, a Secretaria dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas formulado polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 23 de febreiro de 2012, e do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto de Orde do Día do Pleno da data:

1.- En Agosto do ano pasado, e dicir, xa fai mais de seis meses, se solicitaron por escrito as ACTAS DA COMISIÓN DE GOBERNO, e no pleno correspondente ao mes indicado fíxose unha pregunta respecto a que era debido o retraso na emisión das mesmas. Tendo en conta que segundo a lexislación vixente deberíamolas ter nos dez días seguintes celebración da mesma, que se pediron por escrito xa fai mais de seis meses, e que non recibimos NINGUNHA DESTA LEXISLATURA. ¿Pódenos explicar que intereses hai para que levemos desde XUÑO do ano pasado sen poder acceder as ACTAS DA COMISIÓN DE GOBERNO?.

2.- Respecto a urbanización da Palloza, xa fai mais de oito meses que se preguntou polo estado de dita urbanización, e díxonos que se estaba a facer o proxecto. ¿E certo que o cálculo esgrimido polo promotor da obra no 2003 para facer a urbanización era de 500.000 euros, e agora nos seus cálculos o remate costará sobre 1.500.000 euros?. non sendo así ¿podería explicar cales son exactamente as cifras. ¿podería explicar cando remata o prazo de execución de dita obra, e para cando se ten pensado rematar? ¿podería explicar si se lle pediu ao promotor as responsabilidades legais e cales foron?.

3.- Respecto a implantación das novas tecnoloxías no Concello de Outeiro de Rei. Poderla explicar que trámites se seguiron ou se están a seguir para a implantación di

Internet en todo o Concello? ¿Cales son as previsión para unha cobertura completa no Concello?.

4.- Respecto aos edificios fora de ordenación, pode explicar, si a un edificio, construído anteriormente ao ano 2003, podendo acreditar tal antigüidade, así como o uso continuado, pero non solicite a súa incursión dentro dos edificios fora de ordenación segundo prevé a disposición transitoria terceira da LOUGA, si solicita unha licenza de conservación do mesmo ¿vaiselle conceder?.

En Outeiro de Rei, a 23 de febreiro de 2012”.

O sr. Alcalde resposta o que segue:

Non existe ningún interese en non aportar copias das actas das Xuntas de Goberno, e nos próximos días se lles aportará copia aos concelleiros que o desexen.

É posible que o importe das obras de urbanización presentado no seu día non coincida co importe actual, que se está a determinar con exactitude polo equipo redactor dos proxectos de urbanización.

Agora ben, incluso os novos importes que resulten do proxecto de urbanización non deixan de ser previsións, que poden variar en función das baixas na licitación ou das propias circunstancias das obras, e máxime nunha obra coma esta que se atopa parcialmente executada e non se sabe con seguridade o seu estado de funcionamento.

O concello vai a executar as obras tal e coma estaban previstas nun principio no Plan Parcial, non vai a executar máis obra, o que sucede é que os prezos varían polo tempo transcurrido e tamén pode suceder que, nun principio, o promotor non os calculase ben. Cando se remate a redacción dos proxectos de urbanización saberase o importe das obras pendentes e o Concello contratará as obras coa baixa que saía do proceso de licitación.

Polo que atinxe ao prazo para urbanizar, este xa rematou, por eso cambiamos o sistema de actuación.

As previsións son as que manexa a Xunta, xa que sería unha irresponsabilidade que o Concello se metera en inversións neste ámbito. O Plan autonómico prevé unha cobertura cercana ao 100% para o ano 2013 e, a día de hoxe, andamos sobre o 70% de cobertura de acceso a internet.

Por último, o Alcalde recorda que o Concello está para cumprir a lexislación vixente. Polo tanto, en materia de declaracións de fora de ordenación farase o que a lei di que se faga en este caso, e non outra cousa.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e trinta e nove minutos, da que eu, Secretaria, estendo a presente acta.

A Secretaria

VºBº; O Alcalde